



# AS DAMAS DE FERROL

de Eduardo Alonso

*O escenario representa unha estancia da planta baixa dunha acomodada casa. Unha mesa, cadeiras e un aparador. Unhas contundentes escaleiras de carballo vello permiten a subida á planta alta. Unha porta leva, supostamente, ao recibidor e á entrada da mansión, outra á cociña e a outros cuartos da planta baixa.*

*Esta estancia é o comedor, austero pero con señorío. Unha vaixela completa do Sargadelos antigo loce nos estantes do aparador. Algunhas flores naturais en floreiros de cristal tinxido alegran os currunchos deste moble e, por aquí e por acolá, branquean os andeis, como cumes nevadas, primorosos paniños de encaixes de Camariñas. Todos os detalles delatan a donda man feminina.*

*Un aparello de radio vello, tipo galena, toquea sobre un andel. Á esquerda, unha fiestra hermeticamente pechada, desentoa do conxunto.*

*Cando se fai o escuro para o comezo da función, e antes de que se acenda a luz do escenario, escóitase unha voz na escuridade. É unha voz feminina, imperiosa, grave e estrañamente desacougada.*

- LURDES.- ¿Quen apagou a luz? *(Berra)* ¡Maruxa, Maruxa, ¿quen cona apagou a luz? ¿fuches ti?!
- MARUXA.- *(Escóitase entre caixas)* ¿Como vou eu apagar a luz? ¡Foi a Eléctrica!
- LURDES.- ¿Que falas?, sempre rosmas, para que eu non escoite o que dis. ¿Fuches ti, cabrona? ¡Fuches ti para que eu me esnafre!
- MARUXA.- *(Berrando desde caixas aínda máis, se cabe)* ¡Foi a Eléctrica, foi a Eléctrica que cortou o fluído!
- LURDES.- *(Falando baixo)* ¡O fluído... o fluído! *(Volve berrar)* ¡Non pagaches a factura, iso é o que pasou, que non pagaches a factura e, en represalias, cortáronos a luz!
- MARUXA.- *(En caixas)* ¡Claro que paguei! ¿Como non ía pagar?
- LURDES.- ¿Que como non ías pagar? Pois como fas sempre, quedando ti cos cartos, ladra, máis que ladra.
- MARUXA.- *(En caixas)* ¡Cala a boca xa, bruxa, cala a boca! Non sexas malfalada.
- LURDES.- ¿Que dis? Non escoito nada. Baixa aquí para faláresme.
- MARUXA.- *(Desde caixas)* Sube ti, se queres.
- LURDES.- *(Moi anoxada)* ¿Como vou subir? Sabes perfectamente que non podo subir.

MARUXA.- *(Desde caixas)* ¡Claro que podes! ¡Cando che peta, claro que podes!

LURDES.- ¡Esta está idiota! ¡Cada día desvaría máis!

*Volve a luz un instante e de seguida volve marchar, despois, acéndese definitivamente o escenario. Na escena está LURDES, unha muller duns sesenta ou sesenta e cinco anos, pálida e malencarada, sentada nunha cadeira de rodas, das de paralíticos. Non é unha cadeira de rodas automática, senón das que se moven manexando uns aros parellos ás rodas. Leva unha touca sobre os ombros.*

LURDES.- *(Falando con Maruxa, que supostamente está no andar de arriba)* ¡Vaia, xa prendiches a luz, desgraciada!

MARUXA.- *(En caixas e berrando moi cabreada)* ¡Non fun eu, como queres que cho diga, foi a Eléctrica! Xa o dicía o xornal.

LURDES.- ¿Que dicía o xornal?

MARUXA.- *(Entre caixas)* Que a Eléctrica non daba servizo de calidade.

LURDES.- ¿Servizo de calidade?

MARUXA.- Si, servizo de calidade.

LURDES.- Vaia xeito de falar. ¡Servizo de calidade! Máis ben nada de servizo. ¡Xornal! ¿Que xornal?

MARUXA.- *(Entre caixas)* ¿Cal vai ser? O xornal.

LURDES.- ¿O de hoxe, o de onte? ¿Que xornal?

MARUXA.- *(Entre caixas)* Non sei: Un, un xornal.

LURDES.- *(En baixo)* Esta imbécil nunca sabe nada. ¿Un xornal? ¿Aquí? ¿Nesta casa? *(Berra)* ¡Maruxa, Maruxa!

MARUXA.- *(Entre caixas)* ¿Que?

LURDES.- *(Berrando)* ¡Baixa, baixa axiña!

MARUXA.- *(Entre caixas)* Agora non podo.

LURDES.- ¿Como que non podes?

MARUXA.- *(En caixas)* Non, non podo.

LURDES.- Deixa de dicir parvadas e baixa de contado.

- MARUXA.- *(En caixas)* Xa che dixen que non podo. ¡Agora non podo!
- LURDES.- ¿Que diaños estás a facer?
- MARUXA.- *(En caixas)* ¡Nada!
- LURDES.- ¿Nada? ¡Baixa inmediatamente que quero falar contigo!
- MARUXA.- *(En caixas)* Xa estás falando comigo.
- LURDES.- Quero falar contigo cara a cara, sen berros.
- MARUXA.- *(En caixas)* Sempre que falas comigo, berras.
- LURDES.- Déixate de desculpas e baixa dunha vez.
- MARUXA.- *(En caixas aínda)* Se queres que fale contigo cara a cara, sen berros, sube ti.
- LURDES.- Serás cabrona de merda. Sabes perfectamente que eu non podo subir.
- MARUXA.- *(En caixas)* ¡Claro que podes!
- LURDES.- ¿Como vou poder? ¡Queres provocarme, martirizarme! *(Berrando, totalmente fóra de si)* ¡Baixa xa, hostia!

*Aparece polas escaleiras MARUXA. É unha muller dunha idade similar á de LURDES, quizais un pouco máis vella. Está meticulosamente maquillada, a pel en rosa moi pálido, os beizos nun vermello explosivo e dous coloretos violáceos debuxan as meixelas incrustadas nun rostro patético, nel sobrancean uns vivaces ollos de inmensas pestanas postizas empastadas en rímmel. Resulta unha figura absolutamente arrepicante.*

- MARUXA.- *(Baixando as escaleiras)* Cando queres, ben que sobes a este andar.
- LURDES.- *(Repara nela)* ¿Que fas maquillada? ¿Maquillada?, repintada, máis ben. ¿Que fas así?
- MARUXA.- Vou saír.
- LURDES.- ¡Saír! ¿A onde?
- MARUXA.- Saír, saír fóra, ¿onde vai ser?
- LURDES.- Se ti non saes nunca.
- MARUXA.- ¡Ai, non saes nunca! ¡Claro que saio, saio cando me peta!

- LURDES.- *(Cambiano a conversa e volvendo ao que lle importa)* ¿Que xornal?
- MARUXA.- ¿Xornal? Non sei de que me falas, vou saír, iso é todo.
- LURDES.- Nesta casa non entran os xornais. Ningún xornal.
- MARUXA.- Pois non sei, saberíao por.... por... *(reparando na radio que hai no aparador)* ...Pola radio, si pola radio, sería.
- LURDES.- Esa radio está escacharrada, non funciona.
- MARUXA.- Está escacharrada, pero funcionará ás veces, como a luz. Debe de ser cousa da eléctrica. Sempre é a eléctrica.
- LURDES.- ¡Esa radio non funciona! ¡Non funcionou nunca!
- MARUXA.- ¿E ti como o sabes? ¿Es unha especialista? ¿Unha experta en radios? Está escachada, iso é certo, por iso funciona unhas veces si, e outras non.
- LURDES.- ¡Non funciona nunca! *(Vai ao aparador e pulsa varias veces o interruptor de acendido da radio)* ¡Nunca, nunca!
- MARUXA.- Hoxe non, pero antonte... ¿Que fas coa miña touca posta?
- LURDES.- ¿Que touca?
- MARUXA.- A que tes sobre os teus delicados ombros, ¿cal vai ser?
- LURDES.- Tiña frío e...
- MARUXA.- Pois xa ma estás devolvendo. Teño que saír e preciso a touca.
- LURDES.- Esta non é unha touca de saír.
- MARUXA.- ¿Aí, non? ¿E por que non vai ser de saír, unha touca de saír?
- LURDES.- Porque é branca e de encaixe.
- MARUXA.- Non é branca, que é de color óso, para ser máis precisos óso cru.
- LURDES.- Déixate de parvadas. Non é de saír, e non é. É de estar por casa.
- MARUXA.- Pois eu quero saír coa “miña” touca de “estar por casa”, e saio con ela.
- LURDES.- ¿Non serás quen de quitarma?
- MARUXA.- Abofé que si. Dáma.
- LURDES.- Non. Téñoa eu.

- MARUXA.- *(Quíttalla enerxicamente)* Pois agora téñoa eu.
- LURDES.- ¡Serás filla da gran puta! ¡Así te esnafres! ¡Así che queime nos ombros e non poidas durmir co proído!
- MARUXA.- *(Fai que prende a radio e canta como se fose a emisora)*  
“¡Ai que pena, penita, pena,  
pena de mi corazón.  
Que me corre por las venas,  
pena, con la fuerza de un ciclón!”
- LURDES.- ¡Canta razón tiña Manolo!
- MARUXA.- *(Interrompendo de súpeto a súa canción)* ¡Non fales de Manolo, non quero saber nada, nada!
- LURDES.- “¡Unha tola, a túa irmá é unha tola!” Iso é o que dicía, e con toda a razón.
- MARUXA.- Non sei quen será esa. A túa irmá pode ser, pero eu non. Eu non son a túa irmá, nin estou tola.
- LURDES.- ¿Non es a miña irmá, logo?
- MARUXA.- Non.
- LURDES.- Entón, ¿quen es?
- MARUXA.- Non sei.
- LURDES.- ¿Non sabes?
- MARUXA.- Non, non sei. Maruxa, son Maruxa.
- LURDES.- ¡Maruxa, a irmá máis vella de Lurdes!
- MARUXA.- ¡Non, nada diso! ¡A que desvarías es ti! Eu non son irmá de ninguén. E ti, ti tampouco tes irmás. Estás soa, soa no mundo. Soa por bruxa, por ruín. Soa na vida por malvada.
- LURDES.- Deixa de dicir parvadas e abre esa fiestra.
- MARUXA.- ¿Esa fiestra?
- LURDES.- Si, esa. A única fiestra que hai no cuarto.
- MARUXA.- Esa fiestra dá á rúa.
- LURDES.- Xa sei onde dá esa fiestra. ¡Ábrea dunha vez, preciso respirar!

- MARUXA.- Non, non podo.
- LURDES.- ¿Como que non podes?
- MARUXA.- Se o fago, protestarán os veciños.
- LURDES.- ¿Que veciños? ¿Non dis que dá á rúa?
- MARUXA.- Si, dá á rúa, pero protestarán os veciños de enfronte.
- LURDES.- Os veciños que se metan nas súas vidas.
- MARUXA.- Xa o fan. Din que cheira.
- LURDES.- ¿Que cheira?
- MARUXA.- Si. Que ule mal. Que se abrimos a fiestra toda a rúa fede a podre.
- LURDES.- Serán cabróns de merda. ¿Quen pensan que son? Pois nós somos unhas señoras, unhas damas. ¡Cheirar! ¡Cheirar! ¡Os que cheiran son eles! ¡Cabróns, todos uns cabróns!
- MARUXA.- Tampouco podemos abrir a ventá da cociña, a que dá ao patio de luces.
- LURDES.- ¿Como que non a podemos abrir?
- MARUXA.- Non, non nos deixan.
- LURDES.- ¿Tamén os veciños?
- MARUXA.- Si, os do ultramarinos, o señor Pedro, que como a súa trastenda dá tamén ao patio de luces...
- LURDES.- ¿Ultramarinos? Nin ultra, nin marinos, un tenducho de merda, que vende o pan reseso. ¡Pois cago por todos os ultramarinos da rúa! ¡Por todos!
- MARUXA.- Só hai un.
- LURDES.- Pois por ese. ¡Cago por ese ultramarinos e por todos os que se poidan montar nos vindeiros séculos!
- MARUXA.- Non creo que aquí...
- LURDES.- ¿Que vas crer ti? ¿Ti non cres nada? Ti non cavilas, tes serraduras nos miolos, serraduras e cascudas. Non es máis que un puto saco de cascudas podres.
- MARUXA.- ¡Mira quen vai falar! ¡A tollida! ¡A impedida, a imbécil, a parva do cu!
- LURDES.- ¡Xa o dicía Manolo!

- MARUXA.- ¡Manolo! Ese cabronazo. Ese fillo de puta. ¡Impórtacheme unha cona o que dicía Manolo! ¡Manolo! ¡Pois si que me vai importar a min o que dicía Manolo! ¡Que vaia tomar polo cu! ¡¿Oíches?! ¡¿Oíches ben?! ¡Que vaia tomar polo cu Manolo, o que dicía, a súa lingua podre de merda, e ti tamén! Si, iso, ti tamén vai tomar polo cu.
- LURDES.- ¡Exemplar!
- MARUXA.- ¡¿Que hostia dis?!
- LURDES.- Dixen: ¡Exemplar! Un discurso exemplar. Propio dunha señorita de Ferrol.
- MARUXA.- ¡Señorita, nada! ¡Señora! ¡Señora! ¿De Ferrol? ¿A que vén iso? ¡Eu non son de Ferrol, son do mundo! Cidadá do mundo. ¡Ferrol! ¡Ferrol non existe!
- LURDES.- ¡Igual que un chocallo!
- MARUXA.- ¡Anda que ti! ¡Aí prostrada como se foses unha tollida!
- LURDES.- ¡Impedida! Estou impedida.
- MARUXA.- ¡Si, muller, si! ¡Impedida! Para non facer nada. Para que cho fagan todo.
- LURDES.- ¡Quen me dera a min poder facer o que non podo!
- MARUXA.- ¿O que non podes? Pero si fas o que che peta.
- LURDES.- ¡Canto daría por erguerme desta cadeira!
- MARUXA.- Algunhas veces, levántaste.
- LURDES.- Ti es parva. ¿Non ves como estou? ¿Non lembras o accidente?
- MARUXA.- ¿Que accidente? Non, non lembro nada. ¿Un accidente?
- LURDES.- Si, un accidente.
- MARUXA.- O único accidente que lembro é o do teu nacemento. Ese si que foi un bo accidente.
- LURDES.- ¿Seica estabas ti alí, logo?
- MARUXA.- Claro que estaba, estaba e estou.
- LURDES.- ¿Estás?
- MARUXA.- Si, estou.
- LURDES.- ¿Estás no meu nacemento? ¿Queres dicir iso? ¿Que estás no meu nacemento?



MARUXA.- Pero ti non só estás tollida, impedida, imbécil e parva do cu, ti ademais estás xorda. ¡Si, cona, si, iso é exactamente o que quero dicir: que estou no teu nacemento!

LURDES.- Ou sexa, ¿que estou nacente agora, nestes intres?

MARUXA.- É un pesadelo que teño moitas noites, vexo nacer un monstro, un verme enorme e galdrumento, cheo de espumarallos: Es ti.

LURDES.- Logo, se me ves nacer é que es a miña irmá máis vella.

MARUXA.- Non, non son a túa irmá, son a túa asasina, polo menos no meu pesadelo, porque cando aquel monstro noxento remata de nacer e se pon a reptar pesadamente polo chan do comedor, deste comedor, eu collo o mazo da cociña e escacho esa cabeza de merda que ten. Que tes. Escáchoa a mazadas, como debe ser. ¿E sabes que sae desa testa esnafrada? ¿Sabes que sae da túa cabeza de merda? Saen serpes. ¿Que outra cousa podía saír? Serpes venenosas.

LURDES.- Estás totalmente guillada.

MARUXA.- Non, que non estou. Eu son unha señora. A que está guillada es ti: guillada, impedida, tollida, imposibilitada, imbécil e parva do cu.

*De súpeto soa o timbre da porta da casa. Primeiro timidamente e logo máis insistentemente. As dúas mulleres calan e escoitan. Ao cabo duns instantes, reaccionan.*

LURDES.- ¿Que é iso?

MARUXA.- ¿Que vai ser? É o timbre, o timbre da porta.

LURDES.- ¿Quen será?

MARUXA.- ¿E eu como o vou saber? Non abrín, de modo que non podo saber quen é.

LURDES.- ¿E non pensas abrir?

MARUXA.- Non, non penso abrir.

LURDES.- (*Segue a soar o timbre*) Aínda segue aí.

MARUXA.- Si.

LURDES.- Pois, abre.

MARUXA.- ¿Como vou abrir se non sei quen é? Non, non penso abrir a un descoñecido.

LURDES.- Se non abres, non saberás se é ou non coñecido.

- MARUXA.- Éme igual o que sexa. Non abro.
- LURDES.- Se cadra é un veciño.
- MARUXA.- Como se é o bispo de Mondoñedo – Ferrol. Como non o sei, non penso abrir.
- LURDES.- (*O timbre insiste*) ¡Ai, hostia! Estasme poñendo nerviosa, ¡abre dunha puta vez!
- MARUXA.- Non, non abro. Eu non abro a descoñecidos, non se debe abrir a descoñecidos.
- LURDES.- Iso é falar, non se debe falar con descoñecidos, pero, ¿abrir?
- MARUXA.- Se abro terei que falar...
- LURDES.- Pero se abres e é un coñecido, xa podes falar.
- MARUXA.- Pero eu non sei se é coñecido ou non.
- LURDES.- Escoita. Se cadra, identificámolo por como soa o timbre.
- MARUXA.- ¿Como o imos identificar por iso?
- LURDES.- Como sabiamos cando chegaba Manolo.
- MARUXA.- ¿Manolo?
- LURDES.- Si, cando chegaba bébedo e non daba coas chaves, apoiaba o cóbado no timbre e non deixaba de soar até que lle abriamos a porta.
- MARUXA.- Daquela non tiñamos timbre.
- LURDES.- ¿Ah, non? ¿Que tiñamos, logo?
- MARUXA.- Campá, iso é o que tiñamos, unha campá.
- LURDES.- Diso nada, tiñamos timbre.
- MARUXA.- ¡Un petador! Era unha aldraba en forma de man que petaba cunha bola.
- LURDES.- A bola é a que ti estás a contar. Era un timbre, un timbre eléctrico como o de agora. ¡Escoita! Parece que marchou.
- MARUXA.- (*Escoita*) Si, marchou.
- LURDES.- ¿Quen sería?
- MARUXA.- ¡Eu que sei, non abrín!

- LURDES.- Ademais, non esperabamos visitas.
- MARUXA.- ¿Visitas? ¿Nesta casa? Aquí ninguén nos visita. Se fose en Valdoviño, na casa do verán, pero aquí...
- LURDES.- ¿A casa do verán?
- MARUXA.- Si, a que malvendiches ti cando casaches.
- LURDES.- ¿Eu? Eu non malvendín nada. ¿Casar? Eu sempre fun solteira e a moita honra.
- MARUXA.- Si que a malvendiches, puxeches un anuncio no xornal e ¡ala...!
- LURDES.- ¿No xornal?
- MARUXA.- Si, non te fagas a inocente, no xornal... no xornal...
- LURDES.- ¿En que xornal?
- MARUXA.- Nun... eu que sei en cal. Nun xornal, que ben que o lin eu...
- LURDES.- ¿Onde collerías ti un xornal?
- MARUXA.- ¿Onde vai ser? Ademais, non o collín que mo trouxeron. Tróuxomo Manolo, veu do traballo e trouxo o xornal baixo o brazo, como fai sempre.
- LURDES.- Ben, pois dámo.
- MARUXA.- ¿Que hostias queres que che dea?
- LURDES.- O xornal.
- MARUXA.- ¿Que xornal?
- LURDES.- Ese que tes agochado por algures.
- MARUXA.- Non teño ningún xornal. Ademais, como ti ben sabes, nesta casa non entran xornais.
- LURDES.- Ti débelos traer, ás agachadas, cando saes á rúa.
- MARUXA.- ¿Como os vou traer, se eu non saio nunca á rúa? Vivo aquí, enclaustrada. Sempre pendente das túas necesidades.
- LURDES.- ¿Que nunca saes á rúa?
- MARUXA.- Non, endexamais.
- LURDES.- ¿E hoxe? ¿E agora que ías facer?

- MARUXA.- Nada. Estar aquí, contigo. Darche conversa, iso é o que ía facer.
- LURDES.- E para darme conversa maquíllaste como unha lurpia.
- MARUXA.- Si, para iso. É un xeito de ter algo de que falar. ¿Gustas da miña maquillaxe? ¿Séntame ben?
- LURDES.- Non.
- MARUXA.- ¿Non? Se ti queres, desmaquíllome. ¿Si? ¿Queres?
- LURDES.- Deixa de facerte a obediente e dáme o xornal.
- MARUXA.- Xa che dixen que o escoitei na radio. Nunha emisora... pirata. Iso, nunha emisora pirata.
- LURDES.- Ben, supoñamos que foi así. Vale. Concedamos. Por favor, querida irmá, ¿farías o favor de prender a radio?
- MARUXA.- Eu non son a túa irmá.
- LURDES.- ¿Ah, non?
- MARUXA.- Non. Son unha señorita de Ferrol.
- LURDES.- Non sexas parva. Ferrol non existe.
- MARUXA.- ¿E que? Eu son unha señorita de Ferrol aínda que non exista Ferrol. ¿Non se me nota? A maquillaxe... a estola branca... todo o anuncia...
- LURDES.- Non é unha estola.
- MARUXA.- ¡Anda que non! É, e ben bonita. Unha estola branca, para ir á procesión dos caladiños.
- LURDES.- É unha touca. Unha touca de estar na casa. E non é branca que é color óso. Óso cru para máis precisión.
- MARUXA.- Non señora, é branca, de Camariñas. E penso saír con ela a pasear pola “calle Real”.
- LURDES.- Se ti nunca saes.
- MARUXA.- Pero hoxe si, hoxe vou saír pasear. Hoxe vai ser o primeiro día de paseo, pola “calle Real” ou polo cantón de Molins. Eu, toda señorita coa estola branca, e todos a volver a cara cando pase. Todos, todos. Mesmo Manolo.
- LURDES.- ¿Manolo?

- MARUXA.- Si. O fillo de puta de Manolo, que o outro día me tombou nas escaleiras do portal, cando eu entraba, e tentou quitarme as bragas.
- LURDES.- Pero se aquí non hai portal.
- MARUXA.- Pois moito peor, porque o fixo no medio da rúa, nas escaleiras do medio da rúa. Babaloso e suorento. Como un can doente. ¡Ah! ¡Ah! ¡Ah! ¡A quitarme as bragas!
- LURDES.- ¿Como vai haber escaleiras no medio da rúa? ¿Quitarche as bragas? Se ti nunca levas bragas, para non perder a mínima oportunidade.
- MARUXA.- Si que levo, si que levo. (*Móstraas levantando as saias impudicamente*) Si que as levo e ben bonitas que son.
- LURDES.- Hoxe si, pero debe de ser unha excepción, ademais iso que levas non son bragas.
- MARUXA.- ¿Que son, logo?
- LURDES.- (*Poñéndose moi fina*) Son “culottes”.
- MARUXA.- ¿“Culós”?
- LURDES.- Non, non “culós”, “culottes”, pechando o u: “culottes”, “culottes”.
- MARUXA.- ¿“Culós”, “culós”, “culós”! Non sei que diaño é iso. Faste a fina para amolar, pero os culós” non existen. É un invento teu, un invento dunha mente quenturenta e revirada como a túa. Tollida revirada e impedida, imbécil e parva do cu.
- LURDES.- ¿Non ías saír?
- MARUXA.- ¿Eu?
- LURDES.- Si, ti. Ías dar unha volta pola “calle Real”, ou polo cantón de Molins.
- MARUXA.- Pero se eu non saio nunca de aquí. Non, non vou saír, que cando saio, os traballadores da Bazán métese comigo. Chámanme bonita e cousas así.
- LURDES.- Non imaxino eu aos traballadores da Bazán chamando “bonita” a ninguén.
- MARUXA.- Pois a min si. Sobre todo un: Manolo. Manolo, cando me ve non deixa de piropear-me: “Es o berberechiño máis bonitiño de toda a ría de Ferrol”, dime.
- LURDES.- ¡Xa che gustaría!
- MARUXA.- ¿Ser un berberechiño?
- LURDES.- Que o meu home se te insinuase.

- MARUXA.- ¿O teu home?
- LURDES.- Si, Manolo. Xa che gustaría.
- MARUXA.- Manolo non é o teu home.
- LURDES.- ¡Ah! ¿Non?
- MARUXA.- Non. É o meu pretendente. Ben, o máis elegante de todos os meus pretendentes. O que ten máis posibilidades, vaia.
- LURDES.- Deixa de dicir sandeces e abre a fiestra, necesito respirar aire puro.
- MARUXA.- Non podo abrir a fiestra.
- LURDES.- ¡Deixa esas manías absurdas e sen sentido e abre dunha puta vez a fiestra!
- MARUXA.- ¡Que non, non e non! Non quero que me rifen os veciños. “¡Pechade as fiestras, e as portas, e todo, que non se soporta ese maldito cheiro que sae da vosa casa!”. Iso é o que me din todos. ¡Non, non quero!
- LURDES.- ¡Cago na hostia e na nai que pariu a todos os veciños! Porque estou tollida, impedida, senón ía ir cara a eles cun machado ben grande e ía abrir en dous cada unha desas cacholas podres de merda que teñen eses cabróns enriba dos seus ombros. ¡Iso é o que ía facer! ¡Ía separar dos corpos eses niños de malos pensamentos que teñen por adorno! ¡Cabróns, cabróns de merda!
- MARUXA.- ¡Claro que si! ¡Faltaría máis!
- LURDES.- ¿Que hai hoxe para comer?
- MARUXA.- O de sempre.
- LURDES.- ¿O de sempre?
- MARUXA.- Si, o de sempre.
- LURDES.- Imos ver; cando se come cocho, sempre é cocho, pero un día pode ser orella, outro cachola, outro lacón, outro xamón e mesmo outro chourizo, pero sempre é cocho. ¡Sempre!
- MARUXA.- ¡Pois iso!
- LURDES.- ¿Pois iso, que?
- MARUXA.- Que o de sempre.
- LURDES.- ¿Pero que parte do de sempre?

- MARUXA.- Non sei, non miro que partes. ¡Só faltaba que mirara! Se miro éntrame noxo. Collo unha parte e bótoa na ola, iso é o que fago. Nada máis. ¡Non penso mirar que parte collo!
- LURDES.- ¡Serás subnormal!
- MARUXA.- Non, non son subnormal. Son moi normal, por iso non miro. Ti, claro, desde que tes o cancro ese, volvícheste insensible.
- LURDES.- O cancro, ¿que cancro?
- MARUXA.- Ese que tes na cadeira que non che deixa andar.
- LURDES.- Isto non é un cancro.
- MARUXA.- ¡Ah!, non, logo, ¿que é?
- LURDES.- Un accidente.
- MARUXA.- ¡Unha malleira!
- LURDES.- Diso, nada. Foi un accidente... fortuíto... iso é todo.
- MARUXA.- ¡Unha malleira! Unha boa malleira que che deu Manolo. Seguro que con razón.
- LURDES.- ¡Non señor! Non sexas embusteira, non me gusta nada que mintas dese xeito, tan... tan...
- MARUXA.- Tan, ¿que? Que parece unha campá: ¡Tan... tan! Máis que unha campá, o que parece é un chocallo. Non parece, es. Es un puto chocallo de merda.
- LURDES.- Tan maléfica.
- MARUXA.- ¡Vaites! ¡Maléfica! Púxose fina a señorita.
- LURDES.- ¡Señora!
- MARUXA.- A señorita de merda de Ferrol. Que es unha señorita, que nunca home tivo. Nin home, nin noivo, nin amigo, nin ninguén que a cabalgase. ¿Por que? Por prea, fea, con cara de cu.
- LURDES.- ¿Que nunca tiven un home? ¿Que nunca tiven un home? ¿E Manolo? ¿Eh? ¿Manolo non é un home?
- MARUXA.- Non.
- LURDES.- ¡Ai, non!
- MARUXA.- Non.

- LURDES.- Logo, ¿que é Manolo? A ver, a lista, a puta lista da clase, ¿a ver?, que o diga, que é logo Manolo, se non é un home. O meu. O meu home, meu, meu, de min.
- MARUXA.- ¿Queres saber o que é Manolo?
- LURDES.- Si, quero sabelo. A ver, ¿que é?
- MARUXA.- Un puto friame. Iso é o que é Manolo, un puto friame metido na arca conxeladora.
- LURDES.- ¡Mira a lista! Iso é o que é agora, pero antes, que era antes Manolo, ¿eh? Manolo era o meu home, meu de min, de “mecum”.
- MARUXA.- ¿Tamén era o teu home cando che deu esa malleira que che deixou tollida, impedida, imbécil e parva do cu?
- LURDES.- ¿Que malleira? Ti desvarías.
- MARUXA.- A que fai que andes en cadeira de rodas.
- LURDES.- É un cancro. Un cancro na cadeira. Nos ósos da cadeira. Teño o óso da cadeira desgastado, como lle aconteceu a Manolo.
- MARUXA.- Si, si. O óso desgastado de Manolo... o óso desgastado de Manolo non está na cadeira.
- LURDES.- ¡Ah!, ¿non? Logo, ¿onde está, eh? Lista, máis que lista de merda.
- MARUXA.- O óso desgastado de Manolo é o occipital. O puto occipital que o ten cravado no cerebro do golpe que lle deches co machado.
- LURDES.- ¿Eu? Serías ti. Ti que es unha violenta do carallo. ¿A ver, que cona che fixo o pobre de Manolo, eh? ¿A ver que cona che fixo? E vas, e sen máis pártelhe o machado na cabeza.
- MARUXA.- Ti, mentirana, embusteira, cabrona de merda. Fuches ti a que lle partiches a cabeza co machado. Como unha sandía, como un melón, como unha cabaza. Como unha puta cabaza de merda escachou esa testa do carallo, enchendo todo o cuarto de sangue e de folerpas branquiñas de siso esmagado.
- LURDES.- ¿Eu? ¿Como ía ser eu se estou impedida? ¿Como ía eu, pobre de min, impedida na cadeira de rodas, como ía eu darlle na cabeza a un tipo como un armario que era Manolo? ¿Como?, a ver, ¿como ía ser eu?
- MARUXA.- Pois sendo, levantándote da cadeira, como fas moitas veces, e dándolle na súa puta cabeza cando durmía a sesta.
- LURDES.- Si muller, si.



- MARUXA.- Si, exactamente así. Cabreácheste porque nos pillaches aos dous. Entraches no meu cuarto e pillaches a Manolo durmindo a sesta. Durmíndoa comigo. Enriba de min. Fodéndome. Violándome. Sempre me violaba, e eu gozaba tanto da súa violación...
- LURDES.- Fodéndote, durmindo a sesta e violándote. ¿Todo á vez?
- MARUXA.- Si, exacto. Todo á vez. El era así: Imprevisible.
- LURDES.- ¿Como se vai facer todo iso á vez?
- MARUXA.- El facíao. Facíao comigo. Si, todo á vez. Eu provocáballe esa abano de posibilidades. E ademais, para que te fodas, cando me facía todo iso á vez, falábame de ti.
- LURDES.- Si home, si. Fodíate, durmía a sesta, violábate e falaba de min, todo á vez. Ti non cavilas.
- MARUXA.- Pois si, si e si. El era así. Podíao facer todo. Manolo era Manolo. A ver, sae aí, á rúa, e pregunta a quen sexa, ao primeiro paspán que pase pola rúa, e pregunta: ¿Manolo podía facer todas esas cousas á vez? Verás que che responde. Verás. Vaiche responder: “Si, parva do cu, mamona do carallo, Manolo podía facer todo iso á vez, ou é que non o sabes, facía todo iso e moitas cousas máis á vez. Manolo era Manolo”.
- LURDES.- ¡Está ben! ¡Está ben! Deixa de latricar e vai preparar a comida.
- MARUXA.- E, ¿sabes o que dicía?
- LURDES.- ¿O que dicía quen?
- MARUXA.- Manolo, ¿quen vai ser?, cando me falaba de ti.
- LURDES.- Non, non sei o que che dicía.
- MARUXA.- Que che ía dar unha malleira, que che ía tirar polas escaleiras abaixo, e que ías quedar tollida, paralítica, imbécil e parva do cu, nunha cadeira de rodas para toda a túa puta vida. Iso é o que me dicía Manolo cando durmía a sesta comigo fodéndome e violándome.
- LURDES.- ¡Deixa de dicir parvadas e fai dunha puta vez a comida!

*Volve soar, insistentemente, o timbre da porta da casa. As dúas quedan un intre en suspensión.*

- LURDES.- ¿Será outra vez o mesmo?
- MARUXA.- ¡Eu que sei! Antes non abrín, así que non vou saber se é o mesmo ou non.

- LURDES.- Chama dun xeito moi decidido, como con urxencia.
- MARUXA.- ¡Si, muller, si! Vas facer ti agora psicoloxía do timbre.
- LURDES.- ¡Pois claro que si! O xeito de chamar denuncia o chamador.
- MARUXA.- Todo deus chama igual, rinnng, rinnng, e xa está.
- LURDES.- Iso parececho a ti, que tes a sensibilidade no puto cu, pero hai quen presiona moito, hai quen apenas presiona, hai chamadas curtas e rápidas, hai chamadas curtas e lentas, hai chamadas longas...
- MARUXA.- ¿E?
- LURDES.- E, nada. Hai moitos xeitos de chamar a unha casa.
- MARUXA.- ¿E este como chama, eh? ¡A ver! ¿Como chama este? Porque eu non sei como chama.
- LURDES.- Indeciso e insistente.
- MARUXA.- ¡Vaia, ho! ¡Indeciso e insistente! ¿E como se pode ser indeciso e insistente á vez, como se pode ser?
- LURDES.- Dubidando se chamar, pero unha vez que chama, presionando forte e longo.
- MARUXA.- Ben, supoñamos que é así. ¿E? ¿Que cona significa que chame forte e longo ou que chame lene e curto, eh?
- LURDES.- Que posiblemente sexa un home.
- MARUXA.- ¿Un home?
- LURDES.- Si, ese tipo de contradicións só se dan nos homes.
- MARUXA.- Ti desvarías. ¿Non pode unha muller ser indecisa e insistente?
- LURDES.- Non.
- MARUXA.- ¿E por que non, se se pode saber?
- LURDES.- Porque se é moi indecisa deixará enseguida de chamar, pero se é insistente enseguida petará cos cotenos suavemente na madeira da porta.

*Soan uns golpes na madeira da porta.*

- MARUXA.- ¡Ah! ¿Con que un home, eh?

- LURDES.- Si.
- MARUXA.- ¿Non dicías que se petaba na porta era unha muller?
- LURDES.- Se petara antes e suave, si.
- MARUXA.- ¿Logo, non é unha muller?
- LURDES.- Non.
- MARUXA.- ¿E que é, entón?
- LURDES.- Un funcionario.
- MARUXA.- ¿Un funcionario?
- LURDES.- Si, un funcionario indeciso, insistente e meticuloso.
- MARUXA.- ¡Ti es a hostia!
- LURDES.- Ben se ve, ¿quérelo comprobar?
- MARUXA.- Si.
- LURDES.- Pois abre.
- MARUXA.- Non, ademais, non debe de estar xa.
- LURDES.- Si, debeu marchar.
- MARUXA.- Se volve chamar, abro.
- LURDES.- ¿E como vas saber se é a mesma persoa?
- MARUXA.- Depende de como chame, xa son unha experta en psicoloxía do timbre.
- LURDES.- ¡Ah! Anda, fai algo de comer.
- MARUXA.- Non, xa non hai nada.
- LURDES.- ¡Veña, non sexas preguiceira, fai algo!
- MARUXA.- ¡Non, non e non! Eu non vou á arca conxeladora, collo un cacho diso que hai alí, sanguento e podre, e bótoo na tarteira. ¡Non e non! Dáme noxo.
- LURDES.- ¡Ai! ¡Agora dáche noxo!
- MARUXA.- Si, señora. Dáme noxo.

- LURDES.- Pero cando lle rebentaches a cachola co machado non cho deu. Nin cando o amputaches co serrón. Nin cando puxeches o cuarto de baño como un cortello, cheo de sangue e vísceras machucadas. Entón non che deu noxo, ¿eh? Estás moi fina agora. Pero cando o amputaches, toda manchada de sangue, toda enzoufada de despoxos, ben que te deleitaches. Como unha nena te deleitabas ti.
- MARUXA.- Iso é a mentira máis grande que oín na miña vida. Eu non rebentei nin amputei nada. Faltaría máis, eu son unha señora de Ferrol de toda a vida e non amputo nin rebento nada. ¡Hai que foderse! E que vos poñedes nun plan que, filla, por deus, non entendo nada, pero nada de nada. É que entre ti e as Torreiro dicídesme unhas cousas que, non sei que vos diga.
- LURDES.- ¿As Torreiro?
- MARUXA.- Si, as Torreiro, as Torreiro.
- LURDES.- ¿Que Torreiro?
- MARUXA.- ¿Que Torreiro ían ser? Pois Maruxa e Lurdes. As Torreiro de Ferrol de toda a vida.
- LURDES.- Maruxa es ti e Lurdes son eu.
- MARUXA.- ¿E?
- LURDES.- E, nada. Que non somos as Torreiro. Non hai ninguén que sexan as Torreiro, nin en Ferrol nin en ningures.
- MARUXA.- ¿Non poden haber outra Maruxa e outra Lurdes? ¿Non poden haber moitas Maruxas e moitas Lurdes, e que unhas desas sexan as Torreiro? ¿Ten que haber unha soa Maruxa e unha soa Lurdes no puto mundo, no puto Ferrol do carallo, e esas temos que ser ti e mais eu, ningunha máis?
- LURDES.- Creo que si. Creo que non hai máis ninguén coma nós.
- MARUXA.- Concedamos: en Ferrol pode ser, pero no resto do puto mundo...
- LURDES.- Pero, ¿que cona me estás a falar de Ferrol? Ferrol non existe.
- MARUXA.- Xa o dicía eu.
- LURDES.- ¿Que dicías ti? ¿Que dicías, se se pode saber? Porque nunca se pode saber o que dis. Tes un xeito de falar, filla, que custa moito traballo entenderte, oíches, moito traballo.
- MARUXA.- Pois dicía iso mesmo.
- LURDES.- ¿Iso mesmo? ¿Que cona de: iso mesmo?

- MARUXA.- Que Ferrol non existe.
- LURDES.- ¡Acabáramos!
- MARUXA.- Non, non existe, porque ti colles a lancha en Mugardos, por un exemplo, atravesas a ría, a ría de Ferrol, que non sei por que cona se chama así: ría de Ferrol, porque como Ferrol non existe, debería chamarse a ría de... Así: a ría de... ¿Entendes? A ría de...
- LURDES.- A ría de... ¿de que?
- MARUXA.- A ría de... e nada, puntos suspensivos. O que pasa é que como os puntos suspensivos non se pronuncian, queda así: a ría de... Ben, pois colles a lancha de Mugardos, atravesas a ría de... e, ¿onde chegas? A ningures. Exactamente a ningures. ¿Que me dis? Resolvemos o eterno problema.
- LURDES.- ¿Que eterno problema?
- MARUXA.- O de ningures.
- LURDES.- ¿O de ningures?
- MARUXA.- Si. O de onde está ningures. Cando alguén pregunte: “¿Onde está ningures?”, nós xa o sabemos.
- LURDES.- ¿Si?
- MARUXA.- Ningures está na ría de... á outra beira de Mugardos.
- LURDES.- ¿E se preguntan onde está Mugardos?
- MARUXA.- Fácil. Enfronte de ningures.
- LURDES.- Ti todo o resolves do mesmo xeito.
- MARUXA.- Si, todo do mesmo xeito.
- LURDES.- Colles un machado e esnáfralo contra unha cabeza. Ese é o teu xeito de arranxalo todo.
- MARUXA.- É unha boa maneira de facelo.
- LURDES.- Pero con Manolo, pasácheste.
- MARUXA.- Quería darche unha malleira.
- LURDES.- ¿E deuma?

- MARUXA.- ¡Vaia se cha deu! ¡Unha boa malleira! Colleu o sacho e bim, bam, bim, bam, bim, bam. Quentouche as costas. E non contento con iso, botouche a rolos polas escaleiras. ¡Ai, mi madriña, que malleira che deu!
- LURDES.- Ti estabas alí, claro.
- MARUXA.- Estaba, estaba.
- LURDES.- ¿E que facías, se pode saberse?
- MARUXA.- ¿Que ía facer? Rir a cachón.
- LURDES.- ¿Rías a cachón?
- MARUXA.- ¡Home, claro! E dicía... non, mellor, e cavilaba: ¡Que se foda, por puta cabrona e parva do cu!, ¿que pensaba?, ¿que era o seu home?, ¡pois toma home do carallo! Iso era o que eu cavilaba.
- LURDES.- ¡Que cona ías ti cavilar iso!
- MARUXA.- ¡Claro que si!
- LURDES.- Pero se ti non cavilas nin iso nin nada, que tes a puta chenchu chea de pus. Non tes máis que pus dentro dese melón de merda que tes por cabeza.
- MARUXA.- ¿E que? Teña o que teña, iso é o que cavilaba.
- LURDES.- E despois fuches polo machado, ¿non si?
- MARUXA.- (*Rindo*) Fun, si señor, fun, e logo ¿non ía ir?
- LURDES.- E décheslle con el a Manolo.
- MARUXA.- ¿Que Manolo? ¿De que Manolo falas?
- LURDES.- De Manolo, ¿cal Manolo vai ser?
- MARUXA.- Non sei cal será. Ti saberás de que falas.
- LURDES.- Falo de Manolo, o teu noivo de Bazán.
- MARUXA.- Eu non teño noivo, nunca o tiven. Eu son virxe. Virxe como a das Angustias, a que ten o cabelo natural, como a das Angustias son eu virxe.
- LURDES.- ¿Que cona vas ser ti virxe, se es máis puta que as galiñas!
- MARUXA.- ¿Quen che dixo a ti que as galiñas son putas? Retíranse moi cedo, ¿como van ser putas?

- LURDES.- Eu que cona sei por que son putas as galiñas. Pois coma ti. Naceron con esa inclinación. Unha inclinación natural, poderíamos dicir.
- MARUXA.- Pois se é natural, é como ten que ser. O peor é que sexa artificial, pero sendo natural...
- LURDES.- Sendo natural ou artificial, ti es unha puta marrá, pero marrá, marrá, oes, do máis porca que se pode ser.
- MARUXA.- ¡Porque o dis ti, claro!
- LURDES.- Porque o digo, non; porque o vin. Ben que o vin. Cos meus propios ollos, vino. Con estes ollos, que van comer os vermes, vino.
- MARUXA.- Non sei se chegarán a ser comidos polos vermes.
- LURDES.- ¡Ah!, ¿non?
- MARUXA.- Non, porque como sigas falando así de min, vouchos arrincar e vounos mastigar eu, así, chas, chas, chas, como dous ovos de pomba. Non os van comer os vermes que van rematar sendo esterco para as leitugas, porque os vou comer eu de merenda.
- LURDES.- Pois fora como fora, eu vino.
- MARUXA.- ¡Vino! ¡Vino! ¿Que viches ti, se se pode saber? ¡A ver!, ¿que carallo viches ti?
- LURDES.- Vin a Manolo.
- MARUXA.- ¡Ai, mira ti! ¿E, que? Ten tanto mérito ver a Manolo, ¿Manolo? ¿Que Manolo?
- LURDES.- Vin a Manolo aí, de pé. E ti estabas ante el, de xeonllos.
- MARUXA.- ¿De xeonllos?
- LURDES.- Si, de xeonllos, marrá, máis que marrá. Coa cabeza metida entre as súas pernas. ¡Unha mamada! ¡Estábaslle facendo unha mamada! ¡Marrá, máis que marrá!
- MARUXA.- ¿Unha mamada? ¿Que eu lle estaba facendo unha mamada? ¿A Manolo?
- LURDES.- Si, a Manolo, aí, aínda o estou vendo: el de pé e ti de xeonllos coa túa cabeza metida nas súas partes, como unha puta, como unha puta marrá.
- MARUXA.- ¿Que eu lle estaba facendo unha mamada a Manolo? ¿Que Manolo?, ademais, eu non sei que é unha mamada.
- LURDES.- Si, si, faite a inocente, faite a virxe, a puta virxe marrá, iso é o que ti es: ¡Unha puta virxe marrá!

- MARUXA.- Estaba cortando o fío cos dentes, como se corta sempre o fío, cos dentes, como o fan todas as costureiras do mundo.
- LURDES.- Si, o fío, o fío. Non me fío moito dese fío teu. ¿Que costureiras? Se ti non sabes nin enfiar unha agulla.
- MARUXA.- Caéralle un botón da bragueta, eu cosérao e estaba, unha vez rematado, cortando o fío cos dentes.
- LURDES.- ¿Cosícheslle o botón co pantalón posto, non?
- MARUXA.- ¡Claro! ¿Non ía quitar os calzóns diante miña? ¡Que vergoña!
- LURDES.- ¡Habíaste asustar!
- MARUXA.- Pois, si. Nunca home espido vin.
- LURDES.- ¡Cortando o fío cos dentes! ¡Unha puta mamada! ¡Iso é o que estabas facendo!
- MARUXA.- Se segues a falar así, a dicir esas cousas, esas cousas feas que, por certo, non entendo o que son, marchó, marchó de aquí e voume, voume...
- LURDES.- ¿A onde vas, logo, muller? ¿A onde ías ir ti?
- MARUXA.- Voume aos meus aposentos. Mellor, retírome, retírome aos meus aposentos.
- LURDES.- Está ben, pero antes de retirarte, dáme algo de comer, xa é tardísimo e aínda non comemos nada. Estás perdendo as formas para ser unha señora de Ferrol...
- MARUXA.- ¡Señorita!
- LURDES.- Para ser unha “mamona” de Ferrol perdiches moito as formas, co importante que son as formas, sobre todo en Ferrol.
- MARUXA.- ¡Que Ferrol nin que hostias! Ferrol non existe.
- LURDES.- Non existe pero hai que terlle lei.
- MARUXA.- Non hai que terlle nada, non existe e non existe.
- LURDES.- ¡Veña, déixate de lérias! Non vaia ser que logo... mellor terlle lei. Unha pouca, vamos.
- MARUXA.- ¡Si, si! Vou eu estar pendente de todo: de terlle lei a Ferrol, de ser a túa cociñeira, de ser a escrava sexual de Manolo...
- LURDES.- ¿Manolo? ¿Que Manolo?
- MARUXA.- Todo eu, ¡ala!, como se unha fose a criada de todo o mundo. ¡Pois, non! ¡Non, e non! Empezas sendo amable, empezas collendo a lancha en Mugar dos,



empezas preparando unhas merendas, empezas sorríndolle a Manolo e ¡ala!, a señorita de Ferrol, a criada para todo, a escrava sexual. ¡Pois non!

LURDES.- Non sei de que falas, pero eu morro xa coa fame.

MARUXA.- Pois levanta desa cadeira, que non sería a primeira vez que o fas, vas á despensa, metes a man na arca conxeladora, pillas un cacho do que alí haxa, se é que aínda queda algo, bóotalo na pota e a cocer. Un cocido da parte que sexa que colles na arca conxeladora.

LURDES.- A de onte estivo boa.

MARUXA.- ¿A de onte?

LURDES.- Si, a parte que sexa que comemos onte. Estivo moi boa. Mol, mol e boa, un sabor doce, como se lle botaras azucre no canto do sal.

MARUXA.- Pois non, boteille sal, sal gordo, sal mariño, por certo, polo aquel do bocio.

LURDES.- ¿Do bocio? ¿Que bocio?

MARUXA.- Ese que tiveches de pequena e que tiveron que operar e non podías comer e chorabas e non podías beber e chorabas e déronche xeados e chorabas e déronche zumes e chorabas, ese, ese bocio.

LURDES.- ¿Eu bocio? Serías ti. Bocio no puto cu, que é onde che saen todas esas cousas, no puto cu do carallo.

MARUXA.- ¡Xa está! Marcho. Non, mellor, saio. Vou á rúa dar un paseo, á “calle Real” e ó cantón de Molins. Alí, pola Alameda, paseando: “¡Bos días señorita Maruxa, bos días!” “¡Ola, que tal, cabaleiro!”

LURDES.- Se ti non saes nunca.

MARUXA.- Iso é certo, pero hoxe, hoxe vou rachar coa tradición, hoxe vou saír.

LURDES.- ¿Farás antes de comer?

MARUXA.- Se cadra...

LURDES.- Pois que sexa un cacho como o de onte, mol e doce.

MARUXA.- Como o de onte non será, que xa non quedan cachos desa parte.

LURDES.- ¿E como sabes de que parte é, se non miras?

MARUXA.- Miro de esguello.

LURDES.- Pois se miras de esguello é que miras. Cando se mira de esguello, mírase, dun xeito determinado, pero mírase. E cando se mira, vese. E se se ve, sábese o cacho que se colle e que se bota na pota. Logo sabes moi ben que cachos botas.

MARUXA.- Cando se mira de esguello, non sempre se ve.

LURDES.- ¡Ah!, ¿non?

MARUXA.- Non, porque mirando de esguello só se ve unha parte, por certo ben pequena, da arca, e se nesa parte non hai nada, non é que non haxa nada en toda a arca, só non hai nada nesa parte pequena que se ve mirando de esguello.

LURDES.- Pois ti mira de esguello cara á parte da arca na que hai material, ¿oíches?, ¿oíches ben?

*Volve soar, por terceira vez o timbre da porta.*

MARUXA.- Agora si que vou abrir.

LURDES.- ¿Estás segura?

MARUXA.- Totalmente segura.

LURDES.- E se é un ladrón ou... non sei... alguén con malas intencións...

MARUXA.- Pois se ten malas intencións, que as pinte de cores.

*MARUXA sae, LURDES escoita atentamente, óese a porta ao abrirse e a conversa animada de MARUXA con alguén, pero non se entende o que di. Ao cabo, volve MARUXA á escena, despois de escoitarse o son da porta ao pechar.*

LURDES.- ¿Quen era?

MARUXA.- Un.

LURDES.- ¡Xa sei que un! ¿Que quería?

MARUXA.- Podería ser unha.

LURDES.- ¿Era unha muller?

MARUXA.- Non, era un home.

LURDES.- ¿Novo?

- MARUXA.- ¿A que vén esa pregunta?
- LURDES.- ¡Hostia, non me respondas con outra! ¿Que quería?
- MARUXA.- ¿E que ía querer?
- LURDES.- Non sei, non hai xeito de que mo digas.
- MARUXA.- Pois, si.
- LURDES.- Pois, si. ¿Que?
- MARUXA.- Era novo.
- LURDES.- ¿Novo? ¿Canto de novo?
- MARUXA.- Non sei. ¡Novo, novo! ¡É que tes un xeito de preguntar!
- LURDES.- Si. ¿Canto de novo: moi novo, noviño, algo novo? ¿Canto?
- MARUXA.- Non sei, un home novo, pero un home. Vaia, un home, home.
- LURDES.- ¿E que quería?
- MARUXA.- Saber de Manolo.
- LURDES.- ¿De Manolo?
- MARUXA.- Si, de Manolo. Viña da capital.
- LURDES.- ¿D'A Coruña?
- MARUXA.- Non, da capital, de Compostela.
- LURDES.- ¡Ah, de Compostela! ¿De Compostela?
- MARUXA.- Si, dixo que era inspector.
- LURDES.- ¿Inspector de policía?
- MARUXA.- Non, de traballo. Da consellería. Que como Manolo hai tempo que non vai ao traballo...
- LURDES.- ¿E que lle dixeches?
- MARUXA.- ¿Eu?
- LURDES.- Si, ti. Non ía ser a Virxe de Chamorro.
- MARUXA.- ¿E que lle ía dicir eu?

- LURDES.- Non sei, pero falar, falaches un bo cacho.
- MARUXA.- Díxenlle que non sabemos nada.
- LURDES.- E el, ¿que dixo?
- MARUXA.- Que vai volver.
- LURDES.- ¿Volver?
- MARUXA.- Si, dentro dun anaco.
- LURDES.- ¿E que imos facer?
- MARUXA.- Nada.
- LURDES.- Vai facer moitas preguntas.
- MARUXA.- Pois que pregunte. Preguntando, chégase a Roma.
- LURDES.- ¿E se pregunta de máis?
- MARUXA.- Contéstaselle de menos.
- LURDES.- Para ti todo é moi fácil.
- MARUXA.- ¡Claro!
- LURDES.- ¡Veña, fai algo de comer, que a intranquilidade abriume o apetito! E di que parte vas botar na pota.
- MARUXA.- Non vou botar nada, cona, que xa cheira a podre.
- LURDES.- A carne de caza, cando empeza a cheirar a podre é cando máis presta.
- MARUXA.- ¿A caza?
- LURDES.- Si, a caza do monte.
- MARUXA.- Pero o que hai na arca non é precisamente caza do monte.
- LURDES.- Non é, pero aproxímase.
- MARUXA.- Si, iso é verdade, é moi do monte pois sabe a bravío. Resulta forte e indixesta, onte a cea repetiume toda a noite.
- LURDES.- ¿Repetiuche?

- MARUXA.- Si, ho, non deixaba de dicir: “¿Que fixestes comigo, que fixestes comigo?”. Non facía máis que repetir o mesmo, como un disco raiado.
- LURDES.- Como aqueles que temos de “La voz de su amo”.
- MARUXA.- Si, de Carlos Gardel.
- LURDES.- Non son de Carlos Gardel que son de Frank Sinatra, Carlos Gardel é moi anterior, vamos, anteriorísimo.
- MARUXA.- ¿Que máis ten? Un ou outro. Os dous cantan.
- LURDES.- Pero os discos que tiñamos eran de Frank Sinatra.
- MARUXA.- ¡Ah! Agora lembro, eran de Gloria Lasso.
- LURDES.- ¿Que Gloria Lasso nin que historias? Ti non escoitas o que digo, eran de Sinatra: “Éxitos de Sinatra”, chamábase.
- MARUXA.- Que máis ten, o caso é que estaban raiados e repetían moito: “Cachito mío... cachito mío... cachito mío...” Había que zorregarlle ao “picú” para que continuara a canción.
- LURDES.- “Cachito mío... cachito mío...” Iso non é de Frank Sinatra.
- MARUXA.- ¡Xa!, xa dixen que era de Gloria Lasso.
- LURDES.- Pareces parva. Nin Frank Sinatra, nin Gloria Lasso, ese disco era dun popurrí suramericano.
- MARUXA.- Pois a cea, o mesmo: “¿Que fixestes comigo, que fixestes comigo?” Tiven que me levantar da cama.
- LURDES.- ¿Non podías durmir?
- MARUXA.- Non.
- LURDES.- Era a mala conciencia que tiñas.
- MARUXA.- ¿Que mala conciencia? Era o puto estómago, o puto estómago que non me deixaba en paz.
- LURDES.- ¿Fixeches unha infusión?
- MARUXA.- ¿Unha infusión? ¡Non! Fun á arca, achegueime de fociños á arca, abrín a tampa que, por certo, pesa as do demo, levantei a tampa e díxenlle aos putos despoixos que alí había que, por certo, case non había xa, díxenlles para que se foderan: “¿Que fixemos?, ¿que fixemos? ¡Darche pasaporte, cabrón, máis que cabrón, para que aprendas dunha puta vez!”

- LURDES.- ¿E aprendería?
- MARUXA.- ¡Eu que cona sei! Os homes sonche moi de seu. Agora, algo escarmentado debeu quedar....
- LURDES.- Maruxa, levo toda a puta tarde pedíndoche que fagas algo de comer. ¡Que morro coa fame!
- MARUXA.- Non podemos seguir así.
- LURDES.- ¿Así, como?
- MARUXA.- Falando dun tema, un tema importante ou, tamén pode ser, un tema trivial, e ti, cada dous por tres, interrompes e pides de comer. ¡Non se pode, así non se pode!
- LURDES.- É que teño fame, pero moita, ou sexa, moitísima.
- MARUXA.- Xa, pero o acto de comer é un acto social, comunal, para estreitar lazos familiares. No suposto de que haxa familia, claro.
- LURDES.- Non, señora. Cómesese cando se ten fame.
- MARUXA.- Pois eu non a teño.
- LURDES.- Porque picarías algo, non sei, algunha das veces que fuches á cociña, eu que sei.
- MARUXA.- Eu non fun á cociña.
- LURDES.- Pois onde foras, picarías algo.
- MARUXA.- Non fun a ningures, estiven sempre aquí, contigo, na túa compañía.
- LURDES.- Pois estarás esfameada, eu que sei.
- MARUXA.- Iso é verdade. Ti nunca sabes nada.
- LURDES.- ¡Pois agora si, agora sei o que pasa!
- MARUXA.- ¿Ai, si?
- LURDES.- Pasa que queres cabrearme ou mellor queres matarme. Matarme de fame.
- MARUXA.- ¡Xa me gustaría!
- LURDES.- ¿Matarme?
- MARUXA.- Si, pero non sei como.

- LURDES.- ¡A fame! ¡Así é como o estás a facer, a fame lenta e desesperante! Pero non penso morrer. ¡Andas aviada se coidas que eu penso morrer! ¡Nada de nada! Vou sobrevivir con fame ou sen ela.
- MARUXA.- Non sei como, se eu non che fago a comida...
- LURDES.- Coméndome os brazos, se é preciso, ou as pernas. Non, mellor coméndote a ti, a túa puta cara de bruxa asasina que tes.
- MARUXA.- ¿Non ves?
- LURDES.- ¿Non ves, que?
- MARUXA.- Xa empezas a insultar. Eu non che facía nada e ti xa empezas insultando. Logo pasa o que pasa.
- LURDES.- ¿Non facías nada?
- MARUXA.- Non, nin de comer facía.
- LURDES.- ¡Queríame matar, matar de fame!
- MARUXA.- Pero non facía nada.
- LURDES.- ¡Deixa de latricar e fai de comer, veña!
- MARUXA.- ¡Está ben, está ben! Desde logo, non hai xeito de ter unha pequena conversa contigo.

*MARUXA sae de escena.*

- LURDES.- ¿Pequena? Pero se levas de conversa comigo toda a tarde.
- MARUXA.- *(Desde caixas)* Pero sen dicir nada. Toda a tarde e sen dicir nada. *(Alarmada)*  
¡Hostias, Lurdes!
- LURDES.- ¿Que pasa?

*Entra precipitadamente en escena MARUXA.*

- MARUXA.- ¡Que é verdade!
- LURDES.- ¿Que?
- MARUXA.- Dicíao de brincadeira, pero é verdade.

- LURDES.- ¿Que queres dicir?
- MARUXA.- ¡Non hai!
- LURDES.- Non hai, ¿que?
- MARUXA.- Acabouse. Todo o que había acabouse. Non queda nin un chisco.
- LURDES.- ¡Non pode ser!
- MARUXA.- ¡Que si! ¡Claro, nós botabamos man, botabamos man e... acabouse!
- LURDES.- ¿E agora que imos facer?
- MARUXA.- ¡Eu que cona sei o que imos facer!
- LURDES.- ¿Non temos nada?
- MARUXA.- Non, nada.
- LURDES.- Poñerémonos a pedir.
- MARUXA.- ¿A pedir?
- LURDES.- En San Xulián. Na misa de doce.
- MARUXA.- ¿E que nos vexa todo o mundo?
- LURDES.- ¡Que nos importa!
- MARUXA.- A ti non, que perdiches xa todo o teu señorío, pero a min si. A min si me importa.
- LURDES.- Faise moi bo negocio.
- MARUXA.- ¿Que?
- LURDES.- Pedindo. Ti coa man e eu nunha cadeira de rodas, podemos facer negocio.
- MARUXA.- ¿Si?
- LURDES.- ¡Home, claro!
- MARUXA.- Non estamos para traballar.
- LURDES.- Iso non é traballo.
- MARUXA.- Non será para ti, que vas estar sentada, pero eu...
- LURDES.- Ti tamén vas estar sentada.



- MARUXA.- ¿Onde?
- LURDES.- Nas escaleiras.
- MARUXA.- Pero coa man estendida.
- LURDES.- Iso si.
- MARUXA.- Non, non nacemos para iso. Nós somos unhas señoras. Unhas señoras de Ferrol de toda a vida, non imos pedir esmola. ¡Faltaría máis!
- LURDES.- Logo, ¿que facemos?
- MARUXA.- Nada.
- LURDES.- ¿Como se acabaría tan rápido?
- MARUXA.- ¿Tan rápido?
- LURDES.- Si, nuns días.
- MARUXA.- Pero se levamos meses.
- LURDES.- ¡Diso nada, muller! Uns días, levamos uns días.
- MARUXA.- Pode ser, pero moitos días, cento e pico días... polo menos.
- LURDES.- Como non abres a fiestra...
- MARUXA.- Non me deixan...
- LURDES.- Non sabemos cando é día ou cando é noite, e así...
- MARUXA.- ¿Que máis ten que sexa día ou noite?
- LURDES.- ¡Claro! ¡Que máis ten que sexa día ou noite, que máis ten que sexa branco ou negro, que máis ten que haxa ou non haxa de comer! ¡Para ti todo é igual!
- MARUXA.- Todo, todo... non.
- LURDES.- Pero son eu quen sofre, son eu quen se preocupa, son eu quen pon os puntos sobre os is. ¡Son eu!
- MARUXA.- Eu non poño punto.
- LURDES.- ¿Que?
- MARUXA.- O i. Cando escribo i non poño punto.

- LURDES.- ¡Claro! Por iso o confundes todo. Todo o confundes: o i co e, o b co v. ¡Todo, todo!
- MARUXA.- O i co e, non. E moito menos o b co v. O e é máis gordo. E o b e o v... ¡Non me fodas! ¿Como vou confundilos!
- LURDES.- Pola dislexia. Pola puta dislexia que tes, que o confundes todo.
- MARUXA.- Pode ser que o confunda todo, pero é con razón, porque todo é confuso. Se as cousas non fosen confusas, eu non as confundiría.
- LURDES.- Por confundir confundes até a Manolo con Ambrosio. ¡Como se fosen iguais! ¡Vamos! ¡Como se fosen o mesmo!
- MARUXA.- ¿E non son?
- LURDES.- Non, ¿como ían ser?
- MARUXA.- Pois sendo. Sendo o mesmo. Ambrosio Manuel ou Manuel Ambrosio ou como cona fose.
- LURDES.- Pois non. Son dous.
- MARUXA.- ¿Dous, que?
- LURDES.- Dous tipos. Un Manolo, outro Ambrosio.
- MARUXA.- Non sabía que había tanta xente.
- LURDES.- Antes si, pero agora...
- MARUXA.- ¿Agora, que?
- LURDES.- ¡Acabouse!
- MARUXA.- Si. Acabouse.
- LURDES.- Xa que non hai de comer na arca, pois dáme do que agochas no aparador.
- MARUXA.- Non fago de comer porque non hai xa material. ¡Eu non agocho nada!
- LURDES.- ¡Anda que non! Veña, non te fagas a langrana e quita algunha galleta.
- MARUXA.- ¿De onde vou quitar eu algunha galleta?
- LURDES.- ¡Pois do frasco das galletas! ¿Onde está?
- MARUXA.- Non teño nin idea do que me estás a falar, ¿como vou ter eu un frasco de galletas?

- LURDES.- Tes, claro que tes; como tes todo, agochado por algures.
- MARUXA.- Eu non teño tal.
- LURDES.- Niso levas razón, non son túas que serán miñas, pero ti gárdalas secretamente, para logo comelas ás agachadas.
- MARUXA.- ¡Pero se comemos sempre xuntas! Ben sabes que eu como do mesmo ca ti e sempre bastante menos cantidade, por certo.
- LURDES.- ¿E cando che dan esas arroutadas de desidia... e comes, e comes, e non paras de comer...?
- MARUXA.- ¿Que arroutadas? ¿Arroutadas a min? Será a ti, que no único que pensas é en comer, en comer todo o día, como se non houberse outra cousa que facer. Sempre a comer, a comer sen medida. Pois agora fódeste, que xa non hai nada para comer.
- LURDES.- ¿Eu, comer sen medida?
- MARUXA.- Si, como fas todo, sen medida. Como fixeches co pobre de Manolo, sen medida.
- LURDES.- ¡Manolo! Mira, non me tires da lingua... ¡Manolo! ¡Boa peza estaba feito Manolo! ¡Menos mal que deu comigo que se non...! ¿Quen ía aturar un badulaques como Manolo?
- MARUXA.- ¡Ai, agora poste fina! Encantada estarías ti se Manolo che fixera caso. Pero non cho fixo. Fíxomo a min. ¡Como debe ser!
- LURDES.- ¿A ti? ¿Que che fixo a ti? Nada, non che fixo nada. ¡Nada de nada!
- MARUXA.- Si, si. Quen cho dera a ti morto de tres días; fíxate ben, de tres días.
- LURDES.- Pois non levará moitos máis.
- MARUXA.- ¿Tres días? E tres meses tamén.
- LURDES.- ¿Tanto?
- MARUXA.- ¡Que sei canto! Eu non estou nesas cousas. Eu só atendo o fundamental.
- LURDES.- Pois non cambies de conversa, que cambias cada dous por tres, e dáme un par de galletas.
- MARUXA.- ¿De galletas?
- LURDES.- Si. Desas que tes nun frasco agochado por algures.

- MARUXA.- *(Collendo o frasco que está agochado no aparador, tras uns pratos de Sargadelos)* Dende logo non hai nada como a fama. Colles fama de algo e xa está. Todos matinan que tes que ser así sempre.
- LURDES.- ¡Dáme unha galleta dunha puta vez! *(Colle a galleta que lle dá Maruxa)* ¡Pero, imos ver!, ¿de que tes fama ti, anda, de que tes fama?
- MARUXA.- De agochar as galletas.
- LURDES.- ¿E non o fas?
- MARUXA.- Un día... algunha vez... de forma provisoria, poida que si. Pero diso, a coller fama...
- LURDES.- Pero, cago na hostia, Maruxa, se ti agochas todo. Se cando volvo a cabeza xa estás agochando algo: o cepillo, a vasoira, as potas e mesmo as galletas. Por certo, dáme outra, a ver se amaina un pouco esta fame que teño...
- MARUXA.- ¡Non ves! ¡Non ves!
- LURDES.- ¿Que hai que ver?
- MARUXA.- ¡Xa queres ti acabar coas galletas!
- LURDES.- Pedínche unha, a segunda. Creo que aínda que me deas dúas galletas non se vai acabar o frasco. Ese frasco cheo de galletas que tan agarrado tes.
- MARUXA.- É meu, e non quero que o remates.
- LURDES.- ¡Dáme outra galleta, hostia, e deixa de relear!
- MARUXA.- *(Dándolla)* ¡Vale, toma, pero nin unha soa máis!
- LURDES.- ¡Ai, nin unha máis! Penso comer as que me dea a gana.
- MARUXA.- ¡Diso nada! Non vas comer nin unha máis.
- LURDES.- ¿E como o vas impedir, eh? ¿A ver, lista de merda, como o vas impedir?
- MARUXA.- Moi fácil. Collo unha cadeira, *(cóllea)* póñoa preto do aparador, subo á cadeira *(sube)*, e poño o frasco das galletas enriba do aparador *(Faino)* de xeito que unha tollida, impedida, imbécil e parva do cu non as poida coller. Que as vexa, pero que non as poida coller, para que se foda, para que rabexe e para que as teña sempre presentes e sempre distantes. ¿Quedou claro? *(Baixa da cadeira e sitúaa noutra beira)*
- LURDES.- ¡ A min que cona me importa!
- MARUXA.- ¿Ah, non che importa?

- LURDES.- Non, nada de nada. Non me gustan as galletas. Engordan. Así estás ti, que parece unha foca. Unha foca maquillada e guillada.
- MARUXA.- ¿Non che importan e comiches dúas?
- LURDES.- Si, comín dúas para foderte, para que teñas menos, pero non me gustan as galletas, saben a serraduras.
- MARUXA.- ¿A serraduras?
- LURDES.- Si, a putas serraduras húmidas, iso é a que saben as túas galletas, que xa podes tirar con elas, con todas, con todo o frasco cheo desas putas galletas que só saben a serraduras.
- MARUXA.- Si, si. Dis iso porque queres amolarme, pero ben que che gustan as galletas. Ben axiña que as comías, non parabas nin para respirar.
- LURDES.- Porque teño fame. Cando se ten fame cómese de todo. Pero a min o que me gusta é a carne, a carne de caza fervida, iso é o que a min máis me gusta.
- MARUXA.- ¿A caza?
- LURDES.- Si, a caza. Pillas a besta e mallas nela, mallas até que morra, despois pola a delourar e ao cabo duns días cómela. Iso é o que a min máis me gusta.
- MARUXA.- ¿Como fixemos até o de agora?
- LURDES.- Parecido.
- MARUXA.- Pois a min non, a min non me gusta. Dáme noxo.
- LURDES.- ¡Si, muller, si! Por iso deixas os pratos máis limpos que patenas, porque non che gusta.
- MARUXA.- Non. Déixoo limpos para non telos que fregar.
- LURDES.- ¿Como que para non fregar?
- MARUXA.- Si, para non fregar.
- LURDES.- Non me digas que non fregas os pratos que deixas limpos de tanto pasar a lingua por eles.
- MARUXA.- ¡Pois claro! Se están limpos para que se van fregar.
- LURDES.- Serás marrá. Pero a marrá máis marrá que me teña botado á cara.
- MARUXA.- ¿Quen frega os pratos?
- LURDES.- Ti, ás veces, parece ser; pouco, seica.

- MARUXA.- Pois se o fago eu, fareino ao meu gusto.
- LURDES.- ¡Isto é o caos, a desfeita total! Deixas a casa en mans de... por uns días, só por uns días... en mans de... e unha desfeita, unha puta porcallada é o que fan na túa casa.
- MARUXA.- ¿Na miña casa?
- LURDES.- Non, na miña.
- MARUXA.- Dixeches: na “túa” casa.
- LURDES.- Na túa casa refírese á miña.
- MARUXA.- ¡Xa está, xa empezas a falar dese xeito incomprendible! Así non hai quen fale contigo.
- LURDES.- ¡E non ten que haber!
- MARUXA.- Non ten que haber, ¿que?
- LURDES.- Quen fale comigo.
- MARUXA.- ¡Ah, non queres falar!
- LURDES.- Non, non quero falar con ninguén.
- MARUXA.- Logo, marchó.
- LURDES.- ¿Marchas?
- MARUXA.- Si, marchó.
- LURDES.- Pero, ¿onde vas ir ti, muller?
- MARUXA.- Á cociña.
- LURDES.- ¡Ah, sendo así...!
- MARUXA.- Vou á cociña, pero non penso facer nada alí.
- LURDES.- Pois de paso que estás na cociña ben que podías fregar algo, ben, digo eu, non sei, algún prato, un deses que deixas como unha patena despois de pasarlles a lingua vinte veces. Fregar un pouco, algo, un chisco de nada, pero algo, vamos, digo eu.
- MARUXA.- Non, non penso facer nada de nada. Vou ir á cociña soamente para non estar aquí contigo, aturándote. Aturando o teu cheiro e a túa mala lei.

*MARUXA sae de escena, entón LURDES, despois de asegurarse que non a ve nin a escoita, levántase da cadeira de rodas e, silandeira, vai onde está a cadeira que empregou MARUXA, colócaa moi a modo preto do aparador, sobe a ela, colle varias galletas do frasco, deixa o frasco do lado en que mellor se disimule a falta de galletas. Baixa da cadeira, sitúaa no seu lugar, senta na de rodas de novo e agocha entre as súas propias roupas as galletas. Unha vez feito isto, chama por MARUXA.*

- LURDES.- ¡Maruxa! ¡Maruxa!
- MARUXA.- *(Entre caixas)* ¡Déixame en paz! ¡Non penso facerche caso algún!
- LURDES.- Aínda que non me fagas caso, vén aquí, anda.
- MARUXA.- *(En caixas)* Non, non vou.
- LURDES.- ¡Veña, non te enfades!
- MARUXA.- *(En caixas)* Non estou enfadada.
- LURDES.- Logo, ¿que estás?
- MARUXA.- *(En caixas)* ¡Cabreada!
- LURDES.- É o mesmo.
- MARUXA.- *(En caixas)* Non, non é o mesmo.
- LURDES.- ¡Ai! ¿non é o mesmo?
- MARUXA.- *(En caixas)* Non, señor. Hai matices.
- LURDES.- Pois déixate de matices e vén aquí.
- MARUXA.- *(Aparece en escena cunhas luvas de goma de lavar cacharros)* ¡¿Que hostia queres?!
- LURDES.- *(Reparando nas luvas)* ¡Ah!, puxécheste a fregar.
- MARUXA.- Non, señora.
- LURDES.- Si que o fixeches, que levas as luvas.
- MARUXA.- Non as levo para fregar.
- LURDES.- Entón, ¿que facías, se pode saberse?
- MARUXA.- Unha limpeza de cute.

- LURDES.- ¿Que?
- MARUXA.- O que escoitas, estábame sacando unhas espiñas da cara.
- LURDES.- ¡Pero se ti non tes...! ¿Con esas luvas?
- MARUXA.- Si, póñoas porque me dan noxo.
- LURDES.- ¿Noxo?
- MARUXA.- As espiñas.
- LURDES.- Esta tipa está guillada, pero guillada total.
- MARUXA.- ¡Mira quen vai falar! A tollida, impedida, imbécil e parva do cu.
- LURDES.- Xa o dicía Manolo.
- MARUXA.- ¿Manolo? ¿Manolo que vai dicir? ¡Manolo! ¿Que Manolo?
- LURDES.- Sempre tan alto, tan guapo, tan espelido, tan delicado...
- MARUXA.- ¿Manolo? Se Manolo era baixo e forte como un armario anano. ¿Delicado? ¡No cu! No cu tiña Manolo a delicadeza. Ademais, non se chamaba Manolo, chamábase Ambrosio, ¿oíches? ¡Ambrosio!
- LURDES.- ¡Aínda lembro os días felices!
- MARUXA.- Non sei de que te queixas. Todos son.
- LURDES.- Cando iamos no balandro, Manolo, ti e mais eu.
- MARUXA.- Eu non ía. ¿Balandro? ¿Que balandro?
- LURDES.- O que tiña Manolo.
- MARUXA.- ¿Manolo? ¿Que Manolo?
- LURDES.- Atravesabamos a ría de parte a parte. Os sorchiños que facían a garda n'A Graña, berrábannos: “Fóra de aquí, fóra de aquí”. Pero non lles faciamos caso.
- MARUXA.- Si, parecían discos raiados.
- LURDES.- Si que parecían.
- MARUXA.- Discos de Gloria Lasso.
- LURDES.- ¡Cago na hostia, Maruxa! ¿Cantas veces che teño que dicir que eran de Sinatra?
- MARUXA.- ¿Un tipo con sombreiro para atrás e gabardina botada ao ombro?



- LURDES.- ¡Iso!
- MARUXA.- ¡Pois Gloria Lasso! Todo deus sabía que era un travestí.
- LURDES.- Naquela época non había travestís.
- MARUXA.- ¡Ah! ¿Non?
- LURDES.- Non señora.
- MARUXA.- ¿Entón, Jorge Negrete? ¿Non era un travestí Jorge Negrete, eh? Un puto travestón do carallo que era Jorge Negrete. Pero do máis travestón que te podes botar á cara.
- LURDES.- Diso nada, Gardel pode ser, pero Negrete... ¡Nin pensalo! ¡Negrete era mexicano!
- MARUXA.- Si, como Cantinflas.
- LURDES.- ¿Cantinflas? ¿Que Cantinflas?
- MARUXA.- Dende logo, filla, contigo non se pode falar, vamos, non hai xeito de levar unha conversa medianamente... medianamente enfiada.
- LURDES.- Pois anda que contigo..., que es incapaz de dicir algo con sentido...
- MARUXA.- ¿Con sentido? ¿E por que ten que ser con sentido? Ademais, mira quen vai falar, ¿serás capaz de dicir que ten sentido esa historia da ría e do balandro?
- LURDES.- Para min si que o ten. Aquelas tardes mornas do verán, deixándonos levar polo vento: “¿Onde imos?” “Imos Á Graña”. “Veña, imos”. E os sorchos: “¡Fóra de aquí, fóra de aquí que isto é territorio militar!”.
- MARUXA.- ¡¿Non ves, non ves?!
- LURDES.- ¿Que hai que ver?
- MARUXA.- ¡Territorio militar, territorio militar!
- LURDES.- Si, territorio militar.
- MARUXA.- ¿Como vai ser a ría territorio militar? Primeiro, non é territorio que é auga, e segundo, non será militar que será da Armada.
- LURDES.- ¿A Armada?
- MARUXA.- Si.
- LURDES.- Armados son todos, os de terra, mar e aire.

- MARUXA.- Pero os da Mariña chámanse así, os da Armada. Por exemplo, dise: “Teño un mozo da Armada”.
- LURDES.- ¿Entón os de terra e os de aire son da Desarmada?
- MARUXA.- Dende logo, non pareceis unha señorita de Ferrol, non entendes nada.
- LURDES.- Primeiro, non son unha señorita, que son unha señora; segundo, ¿de Ferrol?, ¿que Ferrol? ¡Ferrol non existe!
- MARUXA.- ¡Anda que non!
- LURDES.- Non, non hai máis que cavilar un pouco para decatarse de que Ferrol non existe.
- MARUXA.- Pois eu, de moza, paseaba por Ferrol, pola “calle Real”, e cruzábame cos mozos e sorríalles e mercaba xeados en “Ramos”. ¡Oes!, ¿ti non mercabas xeados?
- LURDES.- Non, eu non mercaba nada, e menos en Ferrol.
- MARUXA.- Ti o que facías era ir bailar ao..., non, ti non podías bailar que estabas tollida, impedida, imbécil e parva do cu.
- LURDES.- ¡Vaia que si bailaba! No parque. Bailaba con todo deus. Púñanse en ringleira para bailar comigo, dende o palco até o mostrador do fondo da pista bailaba eu, como unha tola, con todos, con todo deus. ¡Vaia se bailaba! Un día un tipo díxome: “Moito bailas, cordeira”. Así, como o escoitas: “cordeira”. ¿Que me dis a iso? “Cordeira”. ¿Oes?, “cordeira”. ¡Eh! ¡Eh! ¡Eh! ¿Que dis?
- MARUXA.- ¿E que queres que diga?
- LURDES.- Non sei, algo, di algo, algo intelixente, claro.
- MARUXA.- ¡Algo intelixente... algo intelixente. Non sei, agora non se me ocorre nada.
- LURDES.- ¡Xa o sabía eu!
- MARUXA.- ¿Que sabías ti?
- LURDES.- Que ías quedar así, pampa. Pampa quedaches.
- MARUXA.- ¡Pois, non! Non quedei nada. “¿Cordeira?”
- LURDES.- Si, “cordeira”. Non sei. ¿Tenro? ¿Non?
- MARUXA.- Patético.
- LURDES.- ¡Hai que foderse! E ti que, ¿eh? Solteira, solteirona toda a vida.

- MARUXA.- ¡Ai, solteira! ¿E Manolo, eh? Xa esqueciches como me pretendía Manolo.
- LURDES.- Sabe deus o que pretendía Manolo.
- MARUXA.- O de todos, pero décheslle o seu merecido.
- LURDES.- Xa o creo, vaia se lle dei o seu merecido. Púxenme a cavilar e dixer: “Acabouse, voulle dar a este cabrón o seu merecido.” E deille un bo merecido.
- MARUXA.- ¡Pasácheste!
- LURDES.- ¡Que ía pasar! Non sabes ti ben a vida que me deu, sempre de putas, sempre chegando tarde, sempre a fostiarme. Diso nada, acabouse, deille o seu merecido. ¡Faltaría máis!
- MARUXA.- Iso é o que hai que facer. ¡Darlles o seu merecido!
- LURDES.- ¿A quen?
- MARUXA.- ¡A todos, hostia, a todos!
- LURDES.- ¿Que todos?
- MARUXA.- Non sei, a todos, a todo deus.
- LURDES.- Ti non cavilas, ¿a todo deus?
- MARUXA.- Si, claro, a todo deus. Non vaia ser que se libre alguén.
- LURDES.- ¿E despois? ¿E as consecuencias?
- MARUXA.- ¿As consecuencias de que?
- LURDES.- As consecuencias do que sexa.
- MARUXA.- Non hai consecuencias, muller, ¿como ía haber consecuencias? Non, nada diso. Como moito unha certa incomodidade, pero se tes arca conxeladora, todo queda resolto.
- LURDES.- O peor é facer os cachos.
- MARUXA.- Se houbera bolsas plásticas clasificadoras, todo se simplificaría.
- LURDES.- O papel de xornal tamén é bo material para envolver os cachos, así fíxose sempre, con papel de xornal.
- MARUXA.- ¿Xornal? ¿Que xornal?
- LURDES.- Non sei, un. O de onte, o de hoxe. Un. Un xornal.

- MARUXA.- Nesta casa non entran os xornais. Ningún xornal.
- LURDES.- Nin entran, nin saen.
- MARUXA.- Como non saian en barco...
- LURDES.- ¿En barco?
- MARUXA.- Si, mellor en balandro, como aquel, en balandro.
- LURDES.- ¿Balandro?
- MARUXA.- Si, Mugardos en fronte, a unha beira A Graña e Ferrol ao fondo. E o balandro abaneándonos e nós pechando os ollos para que o sol poñente non nos faga cóxegas neles. ¡Que tardes! ¡Que tardes aquelas! Eu e Manolo e a ría e Ferrol. Alí, no medio do mar, deixoume embarazada.
- LURDES.- ¿Embarazada?
- MARUXA.- Si, ¿estás xorda?. ¡Embarazada!
- LURDES.- ¿Que ría? ¿Que Ferrol? ¿Que balandro? E sobre todo, ¿que Manolo?
- MARUXA.- ¡Ai, filla! Dende que colliches a poliomielite, aos oito anos, non só non podes andar, é que non cavilas. ¿Que balandro vai ser? Un balandro: un pau, doce metros; un balandro. Ou non lembras cando estaba varado e iamos calafatealo con Manolo. Pasabamos toda a tarde no porto, calafateando e mirando as gaivotas que, por certo, estaban gordas e repoludas de tanto peixe como había.
- LURDES.- ¡As gaivotas! ¡As putas gaivotas! Gordas e sucias. Son as ratas do mar. Berronas e comellonas. ¡Cago nas putas gaivotas!
- MARUXA.- Parece mentira, ti, unha señora, señorita, dama, dona, ou o que cona sexa, de Ferrol, de Ferrol de toda a vida e non gustas das gaivotas.
- LURDES.- Si, non gusto, ¿hai que gustar? Non, non gusto e xa está. Ademais, eu non son de Ferrol, son de Canido.
- MARUXA.- ¡Ai, vaia! Agora faise a popular.
- LURDES.- ¡Si, foder, de Canido!
- MARUXA.- ¿Canido? ¿Que Canido? ¡Canido non existe!

*Vaise, de súpeto, a luz no escenario.*

- LURDES.- ¡Hostias! Outra vez a Eléctrica.

*Sube a música. Cando volve a luz, está soa en escena LURDES adurmiñado. De súpeto acorda sobresaltada.*

LURDES.- ¡Eh! ¿Que foi ese ruído? ¿Que pasou? *(Berra)* ¡Maruxa, Maruxa! *(Para si)* Parece como se petaran na porta. *(Volve berrar)* ¡Maruxa, Maruxa! ¿Onde estás? *(Para si)* Non, foi un ruído máis forte, como se caera un saco. Un saco polas escaleiras. Debín soñalo. *(Berra)* ¡Maruxa, Maruxa! ¿Chamou alguén á porta? *(Para si)* Soñaría con... *(Berros)* ¡Maruxa, hostias, ven aquí dunha vez!

*Entra en escena MARUXA, trae unha grande bandexa chea de carne cocida, inmensos cachos imposibles de identificar.*

MARUXA.- ¡Tachán!

LURDES.- Pero, ¿que é iso?

MARUXA.- ¿Que vai ser? Comida.

LURDES.- ¿Comida?

MARUXA.- Si, carne, carne ao caldeiro. Da que tanto gustas.

LURDES.- Non dicías que non había.

MARUXA.- Pero agora hai, repuxen a despensa.

LURDES.- ¿Que queres dicir?

MARUXA.- O que escoitas, que repuxen a despensa. ¡Veña, come!

LURDES.- ¿Queres dicir que isto non é...?

MARUXA.- ¡Non, ho! Non ves que esta é moito máis roxa, máis nova.

LURDES.- ¿E de onde a sacaches?

MARUXA.- ¡Ah!

LURDES.- ¡Ah, nada! ¿Como fixeches? Ou mellor, ¿que fixeches?

MARUXA.- Foi a sorte.

LURDES.- ¿A sorte?

MARUXA.- Ben, a sorte para nós, para el non...

- LURDES.- ¿Pódese saber que queres dicir?
- MARUXA.- ¡Non sabía que facer...!
- LURDES.- ¡Explícate dunha vez!
- MARUXA.- ¡Preguntaba e preguntaba e preguntaba! E eu non sabía as respostas...
- LURDES.- ¡O funcionario!
- MARUXA.- ¡Non sei se funcionario ou bancario! O caso é que preguntaba unhas cousas tan estrañas... ¡Que se Manolo... que se o traballo... que se a Seguridade Social...! A verdade é que o mundo se complicou dun xeito que non sei onde imos parar.
- LURDES.- Como sigamos así, eu ben sei onde imos parar. ¿E o resto?
- MARUXA.- ¿O resto de que?
- LURDES.- O resto do que sexa isto.
- MARUXA.- Na arca conxeladora, como debe ser.
- LURDES.- ¿E agora que vai pasar?
- MARUXA.- Nada, hai comida para varios días, mesmo diría que meses.
- LURDES.- Botarano en falta.
- MARUXA.- ¿A quen?
- LURDES.- Ao funcionario.
- MARUXA.- ¿Que funcionario?
- LURDES.- E virán aquí preguntar por el.
- MARUXA.- Pois como veñan dentro duns meses..., cando estea baleira a arca conxeladora...

*LURDES míraa, MARUXA sorrí. As dúas póñense a comer en silencio e amodo, saboreando a comida. Aos poucos vaise facendo o escuro sobre elas.*

### **REMATOU.**